

Os grupos políticos con representación na Deputación da Coruña (Alternativa dos Veciños, BNG-Asembleas Abertas, Compostela Aberta, Marea Atlántica, PSdeG-PSOE e Partido Popular) presentan a seguinte

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE A EMPRESA EXTEL

A empresa Extel, grupo Adecco, que presta os servizos de atención ao cliente de Movistar, está en pleno Expediente de Regulación de Emprego, no cal se van ver afectados diferentes centros que ten por todo o territorio do estado, sendo o centro da Coruña o máis afectado con 205 do total de despedimentos.

É por isto que o pleno da Deputación da Coruña acorda:

Manifestar o seu rexeitamento contra o ERE de Extel.

Solicitalle a Movistar e Extel que aclaren onde se vai presentar o servizo de atención ao cliente.

Dar traslado do presente acordo a Extel e Movistar.